

BASES DE PARTICIPACIÓN XIII VOLANTE DEPUTACIÓN DE LUGO

Un ano máis, levaremos a cabo o Volante Deputación de Lugo, iniciativa que consta da realización de cursos de formación técnica e de conducción segura, tamén no campo da competición, e dunha selección de pilotos que se completa coa participación do gañador ou gañadora desa selección cronometrada no propio Rally San Froilán, dentro do equipo de competición PTC Escuela.

Esta actividade deportiva e formativa que persegue introducir aos mais mozos nun deporte con tanto arraigo na nosa provincia, permitiralle así ao gañador/a vivir unha experiencia única, participar no Rally San Froilán.

O evento terá dúas partes claramente diferenciadas. Unha formativa, na que tódolos/as participantes recibirán un curso de conducción para igualar e equilibra-los coñecementos entre uns e outros, e outra puramente competitiva, na que tódolos participantes divididos en grupos enfrontaranse nunha proba cronometrada da que sairá o vencedor do XIII Volante Deputación de Lugo.

O vencedor da citada proba cronometrada será seleccionado como piloto titular e participará no Rally San Froilán 2024, a bordo dun Dacia Sandero da nova Sandero Eco Cup Galicia, dentro da estrutura do equipo de competición PTC, como premio final dese proceso. O segundo e terceiro clasificados serán considerados pilotos suplentes e recibirán como premio unha formación específica, á que loxicamente tamén terá acceso o vencedor.

As probas de formación en conducción e cronometraxe competitiva, que popularmente se vén denominando Volante Deputación, disputarase os días 13 e 14 de xullo de 2024 no circuíto da Pastoriza, único circuíto oficial destas características no territorio da provincia de Lugo. O número máximo de participantes será de 160.

A inscrición realizarase enviando a folla de inscrición, ó seguinte e-mail: piloto@ptcescuela.com

O prazo para envia-los formularios de inscrición ábrese o xoves 27 de xuño ás 9:30 horas e remata o xoves 11 de xullo de 2024 ás 12:00 horas. En ningún caso se terán en conta as inscricións realizadas antes ou despois de dito prazo.

A selección dos participantes da XIII Edición do Volante Deputación farase por estrita orde de recepción do mail coa documentación solicitada, totalmente cuberta e asinada, ata cubri-las referidas 160 prazas existentes. Os datos de contacto deben ser perfectamente lexibles e estar operativos.

Notificarase a tódolos asistentes a súa inscrición no mesmo correo que usen para enviar a solicitude. En canto á confirmación e asignación da quenda que lle corresponde e a hora á que se debe presentar para a súa participación, o día antes do comezo do evento, remitiráselles un correo á dirección que indican na solicitude os días previos á realización da selección.

Requisitos de participación e de admisión:

Para poder formalizala inscrición nesta edición, os interesados deben cumprilos seguintes requisitos:

- Ter entre 18 e 35 anos na data de celebración da selección (13 e 14 de xullo de 2024).
- Estar empadroad/a en calquera dos municipios da provincia de Lugo, con anterioridade ó 30 de xuño de 2024.
- Non ter quedado como piloto (conductor) entre os 5 primeiros postos de calquera trofeo, copa ou campionato de ámbito nacional ou rexional de calquera disciplina automobilística, con excepción do karting, nos últimos 8 anos (2017-2024, ámbolos dous incluídos).
- Non ter quedado como piloto (conductor) entre os 5 primeiros postos da xeral na clasificación final de calquera evento ou proba de ámbito nacional ou rexional de calquera disciplina automobilística, con excepción do karting, nos últimos 8 anos (2017-2024, ámbolos dous incluídos).
- Non ter gañado ningunha edición do denominado “Volante Deputación” ou outra selección de pilotos celebrada nos últimos 12 anos. (2012-2023, ámbolos dous incluídos)
- Estar en posesión do permiso de conducir nas fases nas que sexa imprescindible telo (formación de competición, adestramentos e rallie).
- Reunir, na data de celebración do Rally San Froilán do ano 2024, tódolos requisitos esixidos pola Federación Galega de Automobilismo para obter a Licenza de Piloto segundo a normativa para a expedición de licencias do ano en curso.
- Coa inscrición nesta selección, o solicitante autoriza a PTC Escuela a solicitarlle ás Federacións e Órganos pertinentes, as certificacións oportunas para a comprobación dos puntos anteriores.

Normas de participación:

A inscrición será por rigorosa orde de entrada dos correos electrónicos coas solicitudes, ata cubrir as 160 prazas existentes.

No suposto de que por calquera circunstancia o vencedor non puidera disputar o Rallye San Froilán ou renunciara voluntariamente, o premio pasaría ao segundo clasificado e así sucesivamente, sempre que cumpra cos requisitos establecidos nestas bases e na normativa que sexa de aplicación.

Aos efectos previstos na vixente lexislación de Protección de Datos de carácter persoal, a inscrición neste evento ten carácter totalmente voluntario, sen que se soliciten datos persoais distintos dos necesarios para a súa adecuada xestión e desenrolo, os cales non serán obxecto de cesión a terceiros sen consentimento expreso do titular. En todo caso, os que formalicen a súa inscrición no evento, consenten a publicación do seu nome e apelidos, así como das imaxes de medios de comunicación obtidas durante o desenrolo dos procesos de selección, formación e competición.

Documentación a presentar:

- Solicitud de participación debidamente cumplimentada
- Fotocopia do DNI
- Certificado de empadramento do respectivo Concello (de non poder enviálo coa solicitude, pódese presentar o día da selección)

No caso de que ó remata-la selección, faltase algunha da documentación esixida, requiriráselle á persoa a presentación da mesma antes da realización do Rallye. No caso de non presentala, non ser válida ou non cumprir algún dos requisitos esixidos, será descalificado.